

EXERCICIOS DE REPASO DOS PRONOMES ÁTONOS**1. Substitúe o CD e o CI por pronomes persoais átonos ou contraccións. Repara na súa colocación na oración.**

- a) Xesús aínda atopou antonte traballo.
- b) Carme traerá unhas galiñas novas para nós.
- c) Todas as fins de semana chaman as amigas.
- d) Por fin vos deron os resultados dese exame.
- e) Se manda a queixa ao concello, logo arranxarán o problema.
- f) Estevo estragou os xoguetes aos afillados.
- g) Nunca leron un poema para ti?
- h) Están a preparar unha homenaxe aos sobreviventes do terremoto.
- i) Debes pelar as patacas e cortar os pementos. Logos colles a tixola e frites todo.
- j) Martiño merca o pan nesa tenda e hoxe non pagou á dependenta.
- k) Sabes se deixaron este cartafol para min?
- l) Despois dun ano conseguimos as subvencións.
- m) Terás que dicir a verdade á xefa de estudos.
- n) Para nós non merques comida chinesa.
- o) Aldán ensinou o seu papaventos novo a todos os rapaces da rúa.

2. Subliña os pronomes persoais e indica a súa función sintáctica, número e persoa, seguindo este modelo:

- a) Se nos traen agora o pan, fágoche o bocadillo.
- b) Atopáronos dentro da carteira.
- c) Chamáronme por teléfono.
- d) Ti recollíchelo tarde.
- e) Dixéronnolo agora mesmo.
- f) Penso acotío nelas.
- g) Mesmo elas están decididas a levarllos agora.
- h) Se vos digo que non imos ir, é que non imos ir.
- i) Chame vostede máis tarde, agora nós non podemos atendelo.

3. Coloca os pronomes escritos entre parénteses no lugar axeitado, tantas veces como sexa necesario, reparando na acentuación:

- a) Sen avisar, deu en chamar a berros. (NOS, A)
- b) As nenas hoxe mercaron un xoguete ao curmán. (LLE)
- c) Seica tocou a lotaría! (CHE)
- d) Xa sei que avisou Uxía, pero eu non puiden responder. (VOS, LLE)
- e) Paulo coñeceu antonte pero nós xa coñeciamos. (A)
- f) Cada tarde baixa ao parque. (O)
- g) Todas as mañás atopo nesta mesma rúa. (VOS)
- h) Tantos meniños cansaron axiña. (TE)
- i) Ao final explicaron todo o que pasara. (CHE, LLES)
- j) Colles, fas e envías. (A, NOS+A)
- k) Nesta obra certo personaxe descobre toda a trama. (NOS)
- l) Alí deixou de calquera maneira. (CHE+O)
- m) A Bieito algúns lembraron pero outros non. (O)
- n) O demo leve se contei algo! (ME)
- o) Talvez atopes no patio se marchas axiña. (AS)

p) De escribires a carta, teríamos chegado antonte. (ME)

4. Introduce "te" ou "che" na posición adecuada:

- a) Quítame de diante, non quero ver!
- b) Por fin atoparon o que perderan.
- c) Miña irmá recolle mañá.
- d) Quizais traia Lois as grilandas.
- e) Elas viron por esta rúa, por iso pensaran que xa mudaras.
- f) Quería pedir un favor.
- g) Se non gusta non tes que enfadar, déixalo e marchas.
- h) Tareixa e Miguel viron o canciño e gustoulles moito.
- i) Deus faga bo, que malo xa es!
- j) Mila chamou un cento de veces e non lle contestaches.

SOLUCIÓN AOS EXERCICIOS**1.**

- a) Xesús aínda o atopou antonte
- b) Carme traeránolas.
- c) Todas as fins de semana as chaman/chámanas (dependendo da énfase que se lle dea ao CCT)
- d) Por fin volos deron.
- e) Se lla manda / Se a manda, logo o arranxarán o problema.
- f) Estevo estragóullelos
- g) Nunca cho leron?
- h) Están a preparárllela
- i) Debes pelalas e cortalos. Logo cóllela e frítelo.
- j) Martiño mércalo nesa tenda e hoxe non lle pagou
- k) Sabes se mo deixaron?
- l) Despois dun ano conseguímolos
- m) Terás que dicirlle
- n) Para nós non a merques / Non nola merque.
- o) Aldán ensinóullelo

2.

- a) Se nos traen agora o pan, fágoche o bocadillo.
nos: 1ª pl, CI; che: 2ª sing, CI
- b) Atopáronos dentro da carteira.
os: 3ª pl, CD
- c) Chamáronme por teléfono.
me: 1ª sing, CD
- d) Ti recollichelo tarde.
ti: 2ª sing, SUX; lo: 3ª sing, CD
- e) Dixéronnolo agora mesmo.
nolo = nos + o (nos: 1ª pl, CI; o: 3ª sing, CD)
- f) Penso acotío nelas.
nelas: en + elas (elas: 3ª pl, SUP)
- g) Mesmo elas están decididas a levarllos agora.
elas: 3ª pl, SUX; llos: lle + os (lle: 3ª sing, CI; os: 3ª pl, CD)
- h) Se vos digo que non imos ir, é que non imos ir.
vos: 2ª pl, CI
- i) Chame vostede máis tarde, agora nós non
vostede: 2ª sing, SUX; nós: 1ª pl, SUX; lo: 3ª sing, CD

3.

- a) Sen nos avisar / sen avisarnos, deu en chamala a berros
- b) As nenas hoxe mercáronlle un xoguete ao curmán.
- c) Seica che tocou a lotaría!
- d) Xa sei que vos avisou Uxía, pero eu non lle puiden responder / non puiden responderlle.
- e) Paulo coñeceuna antonte pero nós xa a coñeciamos.
- f) Cada tarde báixao ao parque.
- g) Todas as mañás atópovos / vos atopo nesta mesma rúa. (segundo a entoación)
- h) Tantos meniños cansáronte axiña.
- i) Ao final explicáronche todo o que lles pasara.
- j) Cóllela, fala e envíasnola.

- k) Nesta obra certo personaxe descóbrenos toda trama.
- l) Alí cho deixou de calquera maneira
- m) A Bieito algúns lembrárono pero outros non.
- n) O demo me leve se contei algo!
- o) Talvez as atopas no patio se marchas axiña.
- p) De me escribires / escribíresme a carta, teríamos chegado antonte.

4.

- a) Quítateme de diante, non te quero ver!
- b) Por fin atopáronche o que che perderan. / Por fin che atoparon o que che perderan.
- c) Miña irmá recóllete mañá.
- d) Quizais che traía Lois as grilandas.
- e) Elas víronte por esta rúa, por iso pensaran que xa te mudaras.
- f) Quería pedirche un favor.
- g) Se non che gusta non tes que te enfadar, déixalo e marchas. / Se non che gusta non tes que enfadarte, déixalo e marchas.
- h) Tareixa e Miguel vironche o canciño e gustoulles moito.
- i) Deus te faga bo, que malo xa es!
- j) Mila chamoute un cento de veces e non lle contestaches.